

**CONCURSO DE IDEAS EMPRESARIAIS INNOVADORAS,  
BASEADAS NO COÑECEMENTO CIENTÍFICO**  
ASOCIADO AO CICLO “O EMPRENDEMENTO CIENTÍFICO: UNHA OPORTUNIDADE  
NECESARIA ”

*BASES DA CONVOCATORIA*

*Obxectivos*

*Fomentar o espírito emprendedor nos mozos, a partir do coñecemento científico adquirido.*

*Poñer sobre a mesa posibles ideas baseadas no coñecemento e susceptibles de ser desenvolvidas empresarialmente.*

*Esbozar o camiño que vai desde unha idea ata un proxecto de empresa.*

*Quen poden participar:*

*Estudantes, Titulados Superiores, Doctorandos e Doutores das Universidades Galegas, así como Persoal vinculado a Centros de Investigación de Galicia.*

*Condicións a cumprir polos participantes*

*Os participantes poden pertencer a calquera das áreas de coñecemento.*

*Han de adscribirse a algún dos grupos enumerados no apartado anterior.*

*A idea que presenten ha de estar baseada no coñecemento científico.*

*Para participar no concurso será condición necesaria inscribirse tamén no ciclo sobre emprendemento e asistir a catro das súas sesións, como mínimo.*

**Inscripción:**

*A inscrición no concurso de ideas, anexo ao ciclo, que ha de ser obrigatoriamente conxunta no concurso e no ciclo, farase por vía telemática, cumprimentando o formulario que aparecerá na web [www.ragc.cesga.es](http://www.ragc.cesga.es) da RAGC.*

**Prazo de inscrición:**

*O prazo de inscrición estenderase do 8 de Setembro ao 8 de Outubro, ambos inclusive.*

**Información a aportar no formulario de inscrición**

*Datos do ou da concursante principal (nome e apelidos, DNI, dirección).*

*Datos da institución docente/investigadora da que procede.*

*Grupo ao que pertence: Estudante, Titulado Superior, Doctorando, Doutor, etc.  
Outros concursantes que subscriben a idea.  
Inscrición conxunta.*

*Título da idea.*

*Breve descripción da idea.*

*Produto ou servizo que ofrece.*

*Coñecementos en que se basea.*

*Demanda social á que responde.  
Público obxectivo ao que vai dirixida.  
Indicación do seu carácter innovador.  
Sí hai competencia, indicación das vantaxes diferenciales respecto de a mesma.*

*Grado de desenvolvemento da idea.*

### *Xurado de selección*

*Un Xurado, composto por representantes das institucións implicadas no concurso, analizará as ideas presentadas e seleccionará as que haberán de ser premiadas. O Xurado poderá declarar deserto algún premio. As súas decisións serán inapelables.*

*Os membros do xurado asinarán un compromiso de confidencialidade.*

### *Cráterios de selección*

*Para a súa selección, o xurado atenderá ás seguintes características das ideas presentadas:*

*Viabilidade da idea.*

*A súa vinculación co coñecemento.*

*O seu carácter innovador.*

*Posible demanda social á que dá resposta, público obxectivo e posible mercado.*

*Posición da idea ante a competencia.*

*Grao de madurez da idea.*

**Premios:**

*Outorgaranse premios por un importe total de 3600 €:*

*1 Premio de 1500 €, financiado polo IGAPE*

*1 Premio de 900 €, financiado polo IGAPE*

*1 Premio de 600 €, financiado polo IGAPE*

*1 Premio de 600 €, ao emprendimiento feminino, financiado pola Secretaría Xeral da Igualdade*

*Aos tres primeiros premios poderán concorrer homes e mulleres. Ao cuarto poderán optar só mulleres.*

*Os premios en metálico irán acompañados dun diploma acreditativo.*

**Documentación a achegar polos autores/as das ideas premiadas**

*Os/as concursantes premiados/as han de achegar:*

*Unha copia do seu DNI.*

*Un xustificante que acredite a súa condición de candidato/a. (Estudante, Titulado, etc., como carné universitario, follá de matrícula, copia do título, etc.).*

*Sí a idea está subscrita por máis dunha persoa, escrito asinado por todas elas no que se autoriza*

ao asinante principal a recibir a totalidade do premio.

### Seminario/Obradoiro

As ideas premiadas poderán ser obxecto de análise no Seminario/obradoiro que, dentro do ciclo mencionado, terá lugar o día 30 de Outubro.

### Entrega de Premios

Os premios serán entregados no acto de clausura do ciclo sobre emprendemento, ao que este concurso vai asociado.

### Confidencialidade

Garantírase a confidencialidade das candidaturas presentadas durante todo o proceso, aínda que poderáse difundir as características xerais do conxunto das mesmas. No seu momento poderanse difundir o nome das ideas gañadoras, un breve resumo das mesmas, así como os nomes das persoas integrantes do equipo promotor, si fosen máis de unha.

### Aceptación das normas

A participación no concurso supón a aceptación das presentes bases.

### Máis información

[www.ragc.cesga.es](http://www.ragc.cesga.es) , [ragciencias@terra.com](mailto:ragciencias@terra.com) ,

tel. 981552235

[www.ceg.es](http://www.ceg.es), [info@ceg.es](mailto:info@ceg.es) tel. 981555888